

-Audición e linguaxe-EOE A Coruña: Álvarez Varela, Manuela (DNI 32400758-Z).

-Discapacidade motora-EOE A Coruña. Resulta: Campuzano Álvarez, Miguel (DNI 33219308-V).

Resolución do 10 de xullo de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se comunica a publicación das puntuacións definitivas da fase de concurso dos procedementos selectivos de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, disciplinas de filosofía, grego, latín, xeografía e historia, psicoloxía e pedagogía, tecnoloxía, economía, formación e orientación laboral e informática; do corpo de profesores técnicos de formación profesional, do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e do corpo de profesores de música e artes escénicas, convocados pola Orde do 9 de abril de 2008 (Diario Oficial de Galicia do 16 de abril).

A base común 9.3º da Orde do 9 de abril de 2008 pola que se convocaban procedementos selectivos de ingreso e acceso aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas e profesores técnicos de formación profesional e procedemento de adquisición de novas especialidades polos funcionarios de carreira dos anteditos corpos na Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a valoración dos méritos presentados polos aspirantes será efectuada, en nome dos tribunais, por unha comisión integrada por funcionarios ou persoal laboral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e que esta será publicada nesta consellería, nas súas delegacións provinciais e no enderezo da internet <http://www.edu.xunta.es>.

Publicadas as puntuacións provisionais e resultas as reclamacións contra a resolución provisional procédese á publicación da puntuación definitiva da fase do concurso.

En consecuencia, esta secretaría xeral

DISPÓN:

Primeiro.-Facer públicas as puntuacións definitivas da fase de concurso dos procedementos selectivos de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, disciplinas de filosofía, grego, latín, xeografía e historia, psicoloxía e pedagogía, tecnoloxía, economía, formación e orientación laboral e informática; do corpo de profesores técnicos de formación profesional, do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e do corpo de profesores de música e artes escénicas convocados pola Orde do 9 de abril de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* do 16 de abril). Esta publicación farase na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas delegacións provinciais e na páxina web (<http://www.edu.xunta.es>).

Segundo.-Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2008.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO DOUS DE PONTEVEDRA

*Cédula de notificación de sentenza
(150/2007).*

Nos autos de ordinario 150/2007 que se seguen no Xulgado de Primeira Instancia número dous de Pontevedra ditouse a sentenza cuxo encabezamento e resolución din:

Senteza 00088/2008.

En Pontevedra, o 14 de marzo de 2008.

«Vistos por min, Ignacio de Frías Conde, maxistrado-xuíz titular do Xulgado de Primeira Instancia número dous de Pontevedra, estes autos de xuízo ordinario nº 150/2007 seguidos por instancia da mercantil *Recreativos Safari, S.A.*, representada polo procurador Pedro Sanjuán Fernández e asistida polo letrado José Cuññas, contra Enrique Camacho Marrique Delara, en situación procesual de rebeldía,

RESOLVO:

Que estimo a demanda interposta polo procurador sr. Sanjuán, que actúa en nome e representación da entidade *Recreativos Mafari, S.A.*, contra Enrique Camacho Marrique Delara, declaro resolto o contrato celebrado entre as partes con data do 8 de setembro de 2005 e, así mesmo, condeno a Enrique Camacho Marrique Delara a que lle aboe á entidade demandante as seguintes cantidades:

-2.350 euros en concepto de saldo pendente do préstamo concedido;

-5.693,04 euros en concepto de indemnización.

As custas procesuais impoñenselle a Enrique Camacho Marrique Delara.

Notifíquese esta resolución na forma establecida no artigo 248.4º da LOPX, indicando que contra ela cabe interpor recurso de apelación ante este xulgado no prazo de cinco días desde a súa notificación.